O Galo Quirico

e os seus amigos

Títeres Seisdedos

O galo Quirico é convidado á voda do burro
Perico, mais con tantos nervos e
ansias de banquete mancha o seu pico.....
quen se encargará de limparlle o pico
ó galo Quirico para que vaia bonito á boda do tío Perico?

Técnica: Marionetas tradicionais con teatriño de cartón e música en directo.

Duración: 50 minutos

Público: Familiar

Sinopse: Con algúns números de marionetas tradicionais protagonizados por trapecistas, curas, cachiporras, cantantes de ópera, etc; nos que os espectadores participan cantando e danzando, preséntase o conto "O Galo Quirico" seguindo a versión popular, que a súa vez inspira á publicada por Bernardino Graña. Unha posta en escena con marionetas e teatriño de cartón, formato de espectáculo recuperado pola Compañía para esta ocasión con música interpretada en escena polo acordeonista Carlos Quintá.

Actores e manipuladores:: Anxo García e Carlos Quintá

Anxo García Fernández, (Lalín,1956) é titirireiro, actor, escenógrafo e director de escena cunha longa experiencia en todos os campos da creación de espectáculos de marionetas, fundador das compañías Viravolta, Seisdedos e Teatro da Ramboia, compañías que seguen en activo na actualidade, colabora tamén en varios espectáculos da compañía A cova das Letras e traballou en diversas ocasións con varias compañías do panorama teatral galego, Os Quinquilláns, Ghazafellos...

É tamén membro activo da asociación Morreu o Demo para a recuperación do títere tradicional galego dentro da que realiza un intenso traballo de investigación e divulgación sobre a figura de Barriga Verde, os Cristovos e outras formas de títeres tradicionais.

Carlos Quintá Cagide , diplomado en maxisterio pola USC, é músico, titiriteiro e mestre de acordeón diatónico e violín trad. Produtor e arranxista dos discos de Linho do Cuco *3* (2006, A Central Folque); *As alegrías* (2011 A Central Folque) e *Viva Viva!* (2015 Discos da máquina). No 2018 co grupo Oradaladou grava e produce o disco *Cantigueiro de Cotobade* (Ed. Galaxia), co gallo de adicar o Día das Letras Galegas a Antonio Fraguas. Co grupo Estatalá, orientado as músicas de baile, actúa desde o 2015. En 2020 edita xunto a Pedro Pascual *De Botóns , Cantigueiro galego para acordeón diatónico* (Mialma Producciónss) o cancioneiro máis amplo traballado ata a fecha con máis de 100 cancións da tradición musical galega adaptadas ao diatónico. Tamén en 2020 arranxa, produce e grava o disco *Peixe* do cantante Xisco Feijóo. Ten colaborado en directo en estudo con grupos como: Motor Perkins, Os Cempés, Ataque Escampe, Marful.....

No ano 2005 comeza a súa colaboración co grupo Seisdedos de marionetas tradicionais, o que lle abre unha perspectiva nova sobre a música e o teatro popular en Galicia. . No 2018 participa no elenco de *Os Romeiros do Caracol* de Fantoches Baj como músico e titiriteiro. Dende o 2014 forma parte da compañía Paporrubio de xogos tradicionais, coa que monta o espectáculo *Varietés de animalario*, unha fábula moderna da que é autor.